

**M<sup>a</sup> DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA  
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 27/11/2020 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:**

“ .....

**6.1. Solicitud de subvención de Unión Deportiva Mugares para gastos de funcionamento (Exp. 400/2020)**

Dáse conta da instancia presentada por Guillermo de Melo Bande, en nome e representación de Unión Deportiva Mugares, con CIF G32500514, en calidade de presidente, pola que solicita a concesión dunha axuda económica para atender os gastos de funcionamento e de actividades propias do club.

A dita entidade figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Toén en virtude do decreto da alcaldía de data 15/09/2020. A persoa física que a representa figura no rexistro co cargo de presidenta, sen que conste ningunha modificación nos órganos reitores da entidade.

A achega económica do Concello farase baixo a modalidade de concesión directa prevista nos artigos 22.1.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e 5.b.3 da Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Toén. O alcalde xustifica a concesión directa no interese público e social que supón o fomento da actividade deportiva no Concello de Toén.

De acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005; a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos os seus membros e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 16/06/2020 (BOP nº 151, do 03/07/2020), ACORDA:

*PRIMEIRO.- Concederlle a Unión Deportiva Mugares, con CIF G32500514, unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.3 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello, polo interese público e social da actividade subvencionada, polo importe de 2.000,00 €, con cargo á aplicación 341.48 do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2020. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados do funcionamento e actividades da entidade beneficiaria. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.*

*SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.*



*TERCEIRO.- De acordo co establecido nos artigos 75 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén; a entidade beneficiaria deberá presentar nas oficinas municipais antes do día 21/12/2020 a conta xustificativa que conterá a seguinte documentación:*

- ✓ Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- ✓ Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarase o seu pagamento.*
- ✓ Declaración subscripta polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.*
- ✓ Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento das actividades da entidade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.*
- ✓ Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social. Presentarase unha declaración responsable na que se faga constar tal circunstancia.*

.....”

**E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde.**

*(Documento asinado electronicamente na marxe)*



Cod. Validación: 94TT7W949L443LWXXDS9574K | Corrección: <https://concello.toen.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2